



ANEXO B

BAREMO PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA OBTENIR O PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA O MARISQUEO A PÉ

1. Por ser demandante de emprego

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

Polo tempo transcorrido como desempregado/a, debidamente acreditado e sempre que sexa demandante de emprego: 0,25 puntos por mes durante un tempo máximo de 1 ano anterior á convocatoria.

2. Por formación

A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado será de 3 puntos.

Nesta epígrafe computaranse as actividades de formación realizadas pola persoa interesada e a titulación académica que esta posúa:

a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas)

1º Valoraranse as actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas, de conformidade co establecido no anexo C.

2º Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita obter a maior puntuación.

3º Non se computarán o certificado de percebeiro nin o certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.





b) Titulación académica

1º Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos

2º Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos

3º Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos

4º Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA), engadiráselles 1 punto á puntuación obtida na titulación académica.

3. Por estar empadroad/a nun concello do ámbito das confrarías ou entidades titulares do plan de explotación en que estea prevista a incorporación, durante un período mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: 4 puntos.

4. En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

